



ESCRITO VOCEIROS DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BUEU (BNG, ACB, PP E PSOE) PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A UNHA SOLUCIÓN INMEDIATA Á VECIÑANZA DA ILLA DE ONS

Antecedentes

O pasado ano (18.02.2019, DOG nº34) aprobouse o Plan Reitor de Usos e Xestión das Illas Atlánticas (PRUX), un documento no que se establece un cupo máximo de persoas que poden asistir á Illa de Ons, pertencente ao termo municipal do Concello de Bueu. Neste espazo hai máis de oitenta persoas que dispoñen de vivendas, e o PRUX avala claramente o dereito delas a ir libremente ás vivendas e á Illa, diferenciándose claramente entre ‘persoas visitantes’ e ‘illáns e illás’.

Por iso, dende o Concello de Bueu defendemos sempre o dereito de acceso da veciñanza á Illa sen ningún tipo de restrición, unha reivindicación que, tras moitas xestións, nos levou a celebrar unha ‘Mesa por Ons’ o 18 de setembro de 2019. Nesa mesa estivemos presentes os voceiros dos catro grupos municipais de Bueu (BNG, ACB, PP e PSOE), representantes veciñais, a Conselleira de Medio Ambiente e o Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, e frutificou nun acordo asinado nesa mesma data, no que se establecían diversos puntos:

- 1- Establecemento dun código específico de autorización por vivenda.
- 2- Activación dentro da aplicación informática da Xunta para a reserva de billetes de acceso un apartado específico para persoas de Ons.
- 3- Establecemento dunha persoa autorizada por vivenda para que leve a cabo a tramitación das peticións para cada vivenda.
- 4- Bloqueo do cupo de visitantes ata un tope de 300 para illáns para evitar sobrecargar o cupo xeral.
- 5- Establecemento dun sistema de bloqueo polo cal no caso de superación das 300 autorizacións se limite o acceso de máis persoas a Ons.



6- Establecemento dunha mesa por Ons na que estean presentes Xunta, Concello e Asociación de Veciños e Amigos das Illas de Ons e na que se traten as múltiples problemáticas que afectan á veciñanza de Ons.

7- Mostramos o noso apoio unánime á declaración de Patrimonio da Humanidade das Illas Atlánticas no seu conxunto.

Ese acordo foi asinado por todas as partes. Con todo, nos días previos á Semana Santa, a veciñanza de Ons mostrou a súa preocupación pola interpretación errónea que se estaba facendo dende a Consellería de Medio Ambiente e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, motivo polo cal, a efectos de aclarar as dúbidas suscitadas, dende o Concello de Bueu remitimos un escrito o 10 de marzo na que volvíamos insistir no acordado. No documento, que se fixo chegar á Consellería de Medio Ambiente, Consellería de Cultura e Dirección Xeral de Patrimonio Natural, apuntabamos o seguinte:

1- Recoñeceuse un cupo para illáns e illás de 800 persoas en total, coincidindo co número asignado previamente a través do sistema de carnés, sistema que foi derogado por acordo da mesa nesa xuntanza de setembro de 2019. A continuación acordouse implantar un sistema de códigos de usuario correspondentes a cada vivenda.

2.- Dito cupo, de existir unha demanda superior a 800, implicaría un bloqueo de “ata” 300 prazas do cupo de visitantes, o cal non significa que esa parte do cupo se bloquee, nin con anterioridade nin na súa totalidade.

A día de hoxe nin o Concello nin a Asociación de Veciños e Amigos das Illas Ons recibimos resposta ningunha. Por este motivo, o pasado luns, 18 de maio, a veciñanza decidiu iniciar un peche na Casa Consistorial bueuesa a efectos de protestar por esta interpretación errónea da Xunta de Galicia e exixir unha resposta que se corresponda co acordado.

Por todo o anteriormente exposto, os voceiros dos grupos municipais de BNG, ACB, PP e PSOE, **INSTAMOS á Xunta de Galicia** a que ofrezca unha solución inmediata á



CONCELLO DE BUEU

ALCALDÍA

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

veciñanza da Illa de Ons, nun prazo máximo de 24 horas, e que se proceda á convocatoria dunha MESA POR ONS de forma urxente e telemática. En caso contrario, consideraríamos roto o acordo e esta corporación retirará o apoio á Declaración de Patrimonio da Humanidade, tal e como se recolle no punto 5º do acordo asinado en setembro de 2019.

Bueu, a 20 de maio de 2020

Xosé Leal Fariña

Julio Villanueva González

Voceiro do BNG

Voceiro de ACB

Elena Estévez Freire

José Manuel Vilas Pastoriza

Voceira do PP

Voceiro do PSOE